

LISTA DE ASISTENTES

Membros da Comisión:

Carmen García Mateo (presidenta)
Manuel García Sánchez (secretario)
José Ramón Fernández Bernárdez
Alberto Gil Solla
Martín Llamas Nistal
Cristina López Bravo
Roberto López Valcarce

Acta da sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC da Universidade de Vigo, de vinte seis de setembro de dous mil dezaoto, reunida ás 12:00h na sala A010 (acristalada) da EE de Telecomunicación.

O Mércores **día 26 de setembro de 2018**, ás 12:00 horas, comezou a sesión da Comisión Académica do Programa de Doutoramento DocTIC, cos asistentes que figuran á marxe, sendo presidida pola catedrática Carmen García Mateo, e actuando como secretario o catedrático Manuel García Sánchez

Outros asistentes:

Desculpan asistencia:

Mónica Fernández Barciela
Rebeca P. Díaz Redondo

A orde do día contén os seguintes puntos:

- 1.- Informe da coordinadora
- 2.- Aprobación, se procede, de actas anteriores
- 3.- Admisión definitiva de estudantes no programa de doutoramento para o curso 18/19
- 4.- Admisión a trámite, se procede, da Tese de Doutoramento de Fátima Castro Jul; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.
- 5.- Asuntos de trámite
- 6.- Rogos e preguntas

Punto 1. Informe da coordinadora.

A coordinadora informa de que:

- Vense de anunciar o curso de inglés organizado por DocTIC
- Tense contratado o estudo da modificación da web para dar cumprimento a lei de protección de datos
- Vense de aprobar o doutorado europeo EDIFY no que participa o profesor Francisco Díaz Otero e se ofertan catro vacantes para a realización do doutoramento industrial en DocTIC.

Punto 2. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase por asentimento a acta de data 13/9/2018.

Punto 3. Admisión definitiva de estudantes no programa de doutoramento para o curso 18/19.

Apróbase admitir ós seguintes alumnos/as, coas liñas e titores/as indicados, sempre que cumpran os requisitos de acceso do programa:

Solicitante	Titor/a	Liñas investigación
Almeida , Hugo	Manuel Fernández Veiga	Arquitectura y servicios telemáticos
Darau , Vlad-Dragos	Ana Fernández Vilas	Arquitectura y servicios telemáticos
Fernandes da Silva, Bruno	Juan Carlos Burguillo	Arquitectura y servicios telemáticos
Fondo Ferreiro, Pablo	Felipe Gil-Castiñeira	Arquitectura y servicios telemáticos
Liz Domínguez, Martín	Martín Llamas Nistal	Arquitectura y servicios telemáticos
Melo Figueiredo, Nuno	Manuel Caeiro Rodríguez	Arquitectura y servicios telemáticos
Otero Gonzalez, Ivan	Domingo Docampo Amoedo	Procesado de Señal
Pinto da Silva Ulisses, Joao	Rebeca P. Díaz Redondo	Arquitectura y servicios telemáticos
Vintimilla Tapia, Paul	Martín López Nores	Arquitectura y servicios telemáticos

Paulino Silva renuncia a súa solicitude en DocTIC.

Punto 4. Admisión a trámite, se procede, da Tese de Doutoramento de Fátima Castro Jul; aprobación, se procede, da proposta de tribunal e outros trámites relacionados.

Apróbase a derradeira versión do Plan de Investigación da alumna.

Apróbase recoñecer as seguintes actividades formativas: Comunicacions en congresos internacionais:

- Have You Also Seen That? Collaborative Alert Assessment in Ad Hoc Participatory Sensing. Ubiquitous Computing and Ambient Intelligence: 0th International Conference, UCAmI 2016.
- Combining Fog Architectures and Distributed Event-Based Systems for Mobile Sensor Location Certification. Ubiquitous Computing and Ambient Intelligence: 11th International Conference, UCAmI 2017

Apróbase avaliar favorablemente e recoñecer como actividade formativa a estadía realizada pola alumna no Télécom SudParis (Francia) entre o 1/3/2017 e o 31/5/2017.

Apróbase a avaliación anual da alumna correspondente ó curso 2017/18.

Compróbase o cumprimento dos requisitos establecidos na memoria do programa para a defensa da tese de doutoramento. Ten aprobadas as avaliacións anuais dende o curso 2014/15 até o actual. Tamén ten realizadas as actividades formativas obrigatorias:

Actividade obrigatoria	Evidencias no documento de actividades
1. Defensa do Plan de Investigación	Ten defendido o Plan de Investigación dende o curso 2014/15, tal como figura baixo o epígrafe “Outros méritos de investigación”.
2. Preparación dunha comunicación científica internacional	Ten feito o envío dunha publicación internacional segundo figura no epígrafe “Artigos en revistas internacionais”
3. Envío de artigos a congresos científicos internacionais	Ten feito tres comunicacións segundo figura no epígrafe “Comunicacións en congresos internacionais”

Apróbase a admisión a trámite da Tese de Fátima Castro Jul, titulada “Exploiting proximity collaboration in mobile context-awareness”, dirixida polas profesoras Ana Fernández Vilas e Rebeca Díaz Redondo.

A alumna Fátima Castro Jul ten feito unha estadía no Télécom SudParis (Francia) de tres meses entre o 1/3/2017 e o 31/5/2017. A estadía foi autorizada na CAPD de 9/2/2017 e avaliada favorablemente nesta mesma CAPD. Ademais a Tese está redactada en inglés, e presenta dous informes favorables redactados por dous expertos de institucións estranxeiras, polo que se admite que a Tese opte a mención internacional.

Apróbase a proposta de tribunal formado por:

	Apelidos e Nome	Universidade ou Institución	Proposta
1	Denis Conan	Télécom SudParis, Université Paris Saclay	Presidente
2	Manuel Fernández Veiga	Universidad de Vigo	Secretario
3	Florina Almenares Mendoza	Universidad Carlos III de Madrid	Vogal
4	Lidia Jackowska-Strumillo	Lodz University of Technology	Suplente
5	Miguel Rodríguez Pérez	Universidad de Vigo	Suplente
6	Mónica Aguilar Igartua	Universidad Politécnica de Cataluña	Suplente

Punto 6. Asuntos de trámite

Apróbase autorizar a estadía de Alberto Pedrouzo Ulloa na École Polytechnique Fédérale de Lausanne (Suiza) entre o 21/9/2018 e o 28/9/2018.

Apróbase a baixa temporal de Javier Rodríguez González dende o 1 de outubro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019.

Punto 6. Rogos e preguntas

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar remata a sesión cando son as 12:20.

O Secretario,

Manuel García Sánchez

VºBº
A Presidenta,

Carmen García Mateo